

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 26

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 27 de DECEMBRO de 2010, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores .(Sesión ordinaria do 27.09.10)

2.- Declaracións institucionais.

3.- Ditames das comisións informativas:

XESTIÓN MUNICIPAL

3.1.-Solicitud de catalogación como público do camiño do Monolito na parroquia de Bembrive. Expte. 18707/240.

3.2.- Autorización ao Consorcio da Zona Franca de Vigo de cesión do Museo do Mar de Galicia á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Expte. 19014/240.

3.3.- Recurso de reposición interposto por D. Manuel Gato González contra acordo do Pleno do 25.01.10 de rectificación do inventario, ramal R2 da rúa Cruz en Bembrive. Expte. 18735/240.

CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO

3.4.- Denominación do “Camiño do Campiño” na parroquia de Castrelos. Expte. 12638/331.

URBANISMO

3.5.- Aprobación provisional da modificación puntual núm. 1 da AA-01 do PXOM Vigo-Subestación de Balaídos instada por “Unión Eléctrica Fenosa”. Expte. 11471/411.

4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.

5.- Mocións:

- 5.1.- Moción do Grupo municipal do BNG contra os recortes sociais nos orzamentos da Xunta de Galicia. Expte. 93/1101.
- 5.2.- Moción do Grupo Socialista relativa ó reparto dos fondos de políticas activas aos concellos por parte da Xunta de Galicia. Expte. 101/1101.
- 5.3.- Moción do Grupo Socialista instando á Deputación Provincial o 35% do seu orzamento de investimento na cidade de Vigo. Expte. 102/1101.
- 5.4.- Moción do Grupo Popular demandando se solicite á Xunta de Galicia que continúe coa tramitación do anteproxecto de Área Metropolitana. Expte.96/1101.

6.- Asuntos urxentes.

PARTE DE CONTROL

- 1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**
 - 1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
 - 1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**
- 3.- Comparecencias de membros da Corporación.**
- 4.- Mocións.**
 - 4.1.- Moción do Grupo Popular instando ó Goberno municipal a conxelar a subida do billete de Vitrasa e a considerar un prezo bonificado para as familias numerosas. Expte. 94/1101.
 - 4.2.- Moción do Grupo Popular instando á Alcaldía manter aberto o Servizo de Asesoramento a Emprendedores así como a reabrir o Servizo de Orientación Laboral. Expte. 95/1101.

4.3.- Moción do Grupo Popular instando a posta en marcha de todos os contedores soterrados. Expte. 97/1101.

4.a. Mocións urxentes

5.- Formulación de rogos.

6.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTESETE DE DECEMBRO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv

O ALCALDE,

Vigo, 22 de DECEMBRO de 2010

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

M^a Concepción Campos Acuña.

